

## RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DAS BOLSAS DE FORMACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

### ANTECEDENTES

- 1 O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) convoca as bolsas de formación para o ano 2021 por Resolución do 8 de xuño de 2021 (DOG núm. 115, do 18 de xuño de 2021).
- 2 O director xeral do IGVS nomea os membros da comisión de valoración o 17-09-2021.
- 3 O 20-09-2021 publícase na páxina web do IGVS as puntuacións provisionais das persoas que solicitaron a bolsa.
- 4 O 06-10-2021 publícase na páxina web do IGVS as puntuacións definitivas tras resolver as alegacións que presentaron os candidatos/as á puntuación provisional.
- 5 Consonte ao punto sexto do resolvo décimo terceiro a Comisión de valoración realizou as entrevistas ás persoas solicitantes das bolsas os días 7 e o 13 de outubro de 2021.
- 6 A Comisión de valoración aproba o informe de puntuación das entrevistas o 14-10-2021.
- 7 O día 15 de outubro de 2021 o director xeral dita a resolución de concesión das dez bolsas e aprobou a prelación de candidatos/as consonte a orde de puntuación acadada aos efectos do disposto no resolvo décimo terceiro.
- 8 Os candidatos que estaban de número 1 e 2 renunciaron á bolsa.





## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O punto sete do resolvo décimo terceiro da Resolución do 8 de xuño establece que o órgano instructor, á vista das puntuacións do seu propio informe e do da comisión, elevará unha proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Segundo dispón o resolvo décimo da antedita resolución, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas.

As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa notificación da resolución de concesión, para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Se algunha das persoas propostas non aceptase a bolsa ou, posteriormente renuncia a ela, concederase a bolsa o/a seguinte candidato/a, segundo a orde de puntuación resultante do indicado no punto décimo terceiro da resolución.

As persoas beneficiarias deberán incorporarse o primeiro día hábil do mes de novembro.

De acordo co indicado, PROPOÑO:

1 Conceder as dúas bolsas que quedan vacantes por renuncia aos seguintes candidatos seguindo a orde de puntuación aprobada na titulación de Arquitectura ou Estudos de Arquitectura con máster habilitante:

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
MANUEL VÁZQUEZ FARIÑA	15,9288
ELENA PENA BASANTA	15,6998

Santiago de Compostela,  
O director técnico de Solo, Edificación e Calidade  
Ricardo Valencia Hentschel





De conformidade coa anterior, RESOLVO:

1 Aprobar a proposta nos termos nela establecidos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela,  
O director xeral do IGVS Heriberto García Porto  
Heriberto García Porto

